

NÚMERO 3/17

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE MARZO DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trinta de marzo de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D.ª Raquel Bolaño Fariñas, D.ª. Zeltia Natividade García Ben, D.ª. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Francisco José Montouto Pérez, D.ª María Pardo Fafián, D.ª María del Carmen Pose Varela, D.ª. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D.ª. María Soraya Salorio Porral, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asisten, escusando a súa ausencia, os concelleiros D.ª. Nuria Castro García, D. Marcos López Mallo e D. Xosé Lois Suárez Becerra.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión de 26-1-2017.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 1/2017, de 26-1-2017.-

2º.- Renuncia ao cargo de concelleira de D.ª Nuria Castro García.-

Visto o escrito presentado en data 17-3-2017 pola concelleira D.ª Nuria Castro García, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, por medio do cal comunica ao Pleno a súa renuncia ao cargo de concelleira.-

De conformidade co disposto no artigo 9.4 do Regulamento aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e Instrución de 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central, acórdase por unanimidade:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia de D.ª Nuria Castro García ao cargo de concelleira, declarando o seu cese como tal e a correspondente vacante na Corporación.-

2º.- Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial de concelleiro a favor de D. Alberto Manuel García Cotelos, candidato da mesma lista electoral a quen, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante producida.-

3º.- Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2015.-

Vista a Conta Xeral desta Entidade correspondente ao exercicio de 2015, xunto con toda a súa documentación anexa segundo a lexislación vixente, ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o día 8-2-2017 e publicada no Boletín Oficial da provincia de A Coruña nº 29 de 10-2-2017.-

Resultando que durante o período de exposición ao público foi presentada unha única alegación baixo o número 1.809 de rexistro de entrada o día 15-3-2017, que foi obxecto do informe da Intervención municipal de 17-3-2017, no que se propón a súa estimación parcial para corrixir erro detectado e a desestimación das restantes consideracións que naquela se fan.-

De conformidade co ditame da Comisión acórdase por unanimidade:

1º.- Estimar parcialmente a única alegación presentada (Rexistro de entrada nº 1809, de 15-3-2017) e corrixir o apartado 1.7 da memoria da Conta Xeral 2015 que quedará redactado como segue, inadmitíndose o resto en base aos informes contidos no expediente:

Tipo	Media			31/12/15		
	Hombres	Mujeres	Total	Hombres	Mujeres	Total
Eventual	0,49	0,44	0,93	1	0	1
Funcionario	28,67	22,85	51,52	28	23	51
Laboral	39,05	15,97	55,02	34	14	48

2º.- Aprobar a Conta Xeral do presuposto do Concello correspondente ao exercicio 2015.-

3º.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.-

4º.- Modificación da Relación de Postos de Trabajo 1/2017, para a supresión dun posto de segunda actividade de policía local.-

A Presidencia expón que o motivo desta proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión Xeral, é que o posto de policía de 2ª actividade creado na RPT o pasado exercicio resulta este ano innecesario

debido a que a situación de falta de efectivos dos servizos operativos do Corpo da Policía Local impide a posibilidade de concesión da situación de segunda actividade a ningún dos integrantes do Corpo e a que actualmente non existe ningunha previsión ao respecto, circunstancia que si existía o ano pasado.-

Maniféstanse a favor do ditame todos os grupos, agás o PP cuxo voceiro o sr. Anido critica a medida dicindo que se adopta porque o goberno municipal necesita esa dotación económica e que van votar en contra porque o sr. Alcalde non chegou a acordo cos traballadores; fala da sentenza sobre anulacións de bases da Oferta de Emprego de 2005 e das súas implicacións, respondéndolle o sr. Montouto e o sr. Alcalde. O sr. Alcalde amplía a explicación da proposta informando de que desde a creación o ano pasado do posto de segunda actividade que agora se trata de suprimir foi retirada unha solicitude de paso a segunda actividade e hai contactos entre a Xunta e a FEGAMP para a xubilación aos 60 anos dos policías locais; o Presuposto vaise actualizando segundo as necesidades do Concello.-

Volvese a falar da sentenza antes mencionada e do que fixo ao respecto o sr. Anido cando era alcalde, intervindo os sres. Gómez, sra. Bolaño, sr. Anido e sr. Alcalde.-

Sometido a votación o ditame da Comisión sobre o asunto da Orde do Día, apróbase por maioría, con nove votos a favor e cinco en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a primeira modificación do ano 2017 da Relación de Postos de Traballo do Concello, consistente na eliminación do posto código nº. 020009 denominado “Policía segunda actividade”, ao considerarse innecesario dito posto polos motivos expostos na proposta.-

2º.- Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións. A modificación da Relación de postos de traballo considerase definitivamente aprobada se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario a modificación haberá de ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións e alegacións presentadas.-

3º.- Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo, publicarase integramente a mesma no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.-

5º.- Exame e aprobación, se procede, do Orzamento Municipal para 2017.-

Dada conta do ditame favorable emitido pola Comisión Xeral sobre o proxecto de Presuposto para 2017, o sr. Alcalde fai unha exposición introdutoria do asunto explicando en detalle as novidades mais destacables do documento, como o incremento dos ingresos a pesar da redución do IBI, o incremento de gasto en materia de servizos sociais, en especial servizo de Axuda no Fogar e dependencia, así como en programas de emprego, o gasto por asunción do mantemento do colexio de Mosteirón, as previsións de partida para convenios como o de ASPADISOL para xardinería, utilización do Albergue Mariña Española e Piscina do Castro, contención do gasto en consumos e previsión de consignación para devolucións de tributos por sentenzas, compra de terreos e expropiación pendente. Ofrécese o sr. Alcalde a responder as preguntas que se lle queiran facer polos distintos grupos.-

Maniféstanse a favor do ditame os grupos BNG, PDSP, PSOE e Sadamaioría; a sra. Bolaño destaca a prioridade no gasto en emprego e benestar social, así como en becas, transporte e material para favorecer a igualdade en educación e o aumento do gasto cultural; o sr. Montouto destaca o incremento da partida para formación para o emprego, o investimento previsto para recuperación do centro de formación ocupacional e o convenio co concello de Cambre para desenvolver un Obradoiro de Emprego, lamentando que o Concello deba facer cada vez mais cousas que debería facer a Xunta nas súas competencias en servizos sociais e educación.-

Polo grupo PP o sr. Anido considera que este Presuposto traizoa a Sada, é desilusionante e conformista, e posiblemente sexa o último que o sr. Alcalde consiga aprobar neste mandato; o crecemento é enganoso, porque engloba cuestións como a incorporación da compra da auga do abastecemento domiciliario e porque en 2016 rematouse de compensar os ingresos indebidos do Estado; case todo o gasto vai a persoal e gasto corrente, mentres queda moi pouco para investimento con fondos propios; é certo que sube o gasto social, pero sen proxectos novos e ilusionantes; continúa o sr. Anido facendo unha análise de diversas partidas do Presuposto, dicindo que non hai consignacións para o Sadabus, obras contra as inundacións, activación do PXOM para empezar a desenvolvelo ou indemnizacións por derrubamentos urbanísticos; considera un erro non incrementar o gasto das festas, porque son un investimento, así como apoiar á Feira Modernista; repite que o Presuposto traizoa a Sada, é anticuado e derrotado e o seu grupo vai votar en contra.-

A sra. Bolaño pide o voto a favor, di que no gasto corrente non hai decisións políticas, é o que é, e co gasto de persoal hai que ser coherentes, acaban de criticar a supresión dun posto de segunda actividade.-

O sr. Montouto di que a razón do gasto de persoal é que o concello é unha Administración Pública, debería haber mais persoal para dotar mellor os servizos públicos. O sr. Anido di que o gasto social tamén existía co goberno do PP e que o activo principal dunha empresa é o persoal, que debe ser eficiente.-

O sr. Alcalde considera que se trata dun orzamento claramente social, cun millón de euros para Servizos Sociais cando a Xunta só transfere 340.000 euros e se trata dunha competencia autonómica; non hai partida específica para as inundacións porque a Xunta aínda non dixo que ten que asumir o concello, pero xa está feito o proxecto de redes de servizos en Cantalarrana; estase traballando para incluír no transporte metropolitano a liña interior de Sada seguindo as directrices da Xunta que pediu aos concellos un proxecto global incluíndo as vías interiores dos concellos; o Presuposto non se divide en compartimentos por concellerías senón por áreas de gasto, o goberno municipal tripartito funciona mancomunadamente por obxectivos. Di que o sr. Anido mentiu nas cifras que mencionou nesta sesión; intervén de novo o sr. Anido mencionando diversos datos e poñendo en dúbida o crecemento orzamentario do 6% do que falou o sr. Alcalde, quen se remite ao informe de Intervención.-

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e cinco en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2017, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 12.156.880.- euros (doce millóns cento cincuenta e seis mil oitocentos oitenta euros), e, en ingresos, na cifra de 12.156.880.- euros (doce millóns cento cincuenta e seis mil oitocentos oitenta euros), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS.-

Capítulo, Importe.-

1. Gastos de persoal, 3.596.242,50 €.-
2. Gastos en bens correntes e servizos, 7.653.687,50 €.-
3. Gastos financeiros, 0,00 €.-
4. Transfer. Correntes, 506.120,00 €.-
5. Fondo de Continxencia, 0,00 €.-
6. Inversións reais, 385.830,00 €.-
7. Transfer. de capital, 0,00 €.-
8. Activos financeiros, 15.000,00 €.-
9. Pasivos financeiros, 0,00 €.-
- TOTAL 12.156.880,00 €.-

INGRESOS.-

Capítulo, Importe.-

1. Impostos directos, 3.810.200,00 €.-
2. Impostos indirectos, 80.000,00 €.-
3. Taxas outros ingresos, 3.954.080,00 €.-
4. Transf. Correntes, 4.017.500,00 €.-
5. Ingresos patrimoniais, 249.700,00 €.-
6. Enaxen.inversións reais, 40.400,00 €.-
7. Transf. de capital, - €.-
8. Activos financeiros, 5.000,00 €.-
9. Pasivos financeiros, 0,00 €.-
- TOTAL 12.156.880,00 €.-

2º.- As modificacións de créditos números 3, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14 de 2017 enténdense incluídas nos créditos iniciais do Orzamento, polo que en aplicación do artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, deberán ser anuladas.-

3º.- Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.-

4º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2017 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.-

5º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de Réxime Local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

Control de Órganos de Goberno:

6º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 20-2-2017 a 22-3-2017.-

7º.- Moción para a redacción dunha estratexia integral que defina a prioridade de todas as obras necesarias para evitar as inundacións no núcleo urbano de Sada.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, a sra. Salorio presenta unha moción do grupo PP para a redacción dunha estratexia integral que defina a prioridade de todas as obras necesarias para

evitar as inundacións no núcleo urbano de Sada, cuxa urxencia xustifica no feito de que hoxe fai un ano desde as peores inundacións de Sada sen que nada se avanzara nas xestións para evitar que se repitan, a pesar das propostas do seu grupo.-

Efectuada votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción.-

Aberto debate o sr. Gómez pregunta á sra. Salorio se se ratifica no que di a moción, o que fai a aludida, e di que as afirmacións que contén terán que demostrarse no xulgado, pois anuncia a interposición dunha querela.-

O sr. Alcalde concede a palabra ao sr. Montouto, quen presenta unha emenda á moción, para a que pide o voto unánime, pedindo tamén ao PP que reflexione sobre a súa moción, especialmente sobre o punto 3, que representaría demoler a urbanización das Brañas. Os grupos BNG e PSOE están a favor da emenda. A sra. Salorio di que o seu grupo non ten problema en engadir a emenda, dicindo o sr. Montouto que é unha emenda de substitución. O sr. Alcalde fala da situación existente, das obras necesarias e da prioridade de substituír os ovoides. O sr. Anido considera que hai que recuperar a dinámica hidráulica facendo as obras necesarias, calquera cousa é preferible á declaración de área de risco potencial significativo de inundación, pero é contrario a unha emenda de substitución e non de modificación. O sr. Alcalde expón as medidas prioritarias que resultan dos estudos técnicos realizados, nas que deben centrarse as peticións do Concello á Xunta.-

Tras debater o señor Alcalde e os señores Anido e Montouto a fin de consensuar a integración da moción e a emenda, acórdase por unanimidade:

1º.- Reiterar o acordo plenario de solicitude á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, como órgano competente na materia (art. 3.b.2 Decreto Xunta de Galicia nº 176/2016), ante o perigo que supón un novo risco de asolagamento, para a seguridade das persoas, os bens e a protección do medio ambiente, a subscripción dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Sada que estableza a planificación, programación de prioridades, prazos, financiamento e execución das obras necesarias para evitar asolagamentos na vila de Sada, consonte ao previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao Decreto da Xunta de Galicia nº 59/2013, do 14 de marzo, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas e demais disposicións legais de aplicación.-

2º.- Demandar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a atender a solicitude de entrevista realizada o 6.2.2017 pola alcaldía de Sada.-

3º.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente, aos efectos sinalados no apartado primeiro deste acordo, os Plans e proxectos urbanísticos e de urbanización e execución de obras no ámbito das Brañas.-

4º.- Facultar ao sr. Alcalde para a realización de todos os actos e trámites que procedan en execución deste acordo.-

8º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga o acceso e copia dos seguintes documentos e expedientes, que di precisar para a súa remisión ao Xulgado: do recheo da parcela en contacto coa Urbanización das Brañas, zona A; de reformulo da dita urbanización, zona A; da acta de recepción das ditas urbanización e zona; do proxecto de urbanización das Brañas, zona A; e do Plan Parcial das Brañas, tamén zona A.

2) Pregunta ao sr. Montouto con relación a dúas vivendas no lugar de Alborelle, Soñeiro, obxecto de expediente pola Xunta, do que di que preguntou hai tres plenos, dicindo o interpelado que toma nota da pregunta.-

3) Con relación a ditas vivendas, pregunta ao sr. Montouto se sabía que se produciu un cambio na cualificación do solo no que están situadas durante a tramitación do Plan Xeral, de rústico a núcleo rural, respondendo o sr. Montouto que non estaba ao corrente.-

4) Pregúntalle ao sr. Presidente se mirou algo respecto dun rogo do sr. Anido contido na acta da sesión de 26-1-2017, sobre a segregación de dúas parcelas en Alborelle. O sr. Presidente contesta que no seu día remitiu o dito rogo á área de Urbanismo. O sr. Gómez di que sobre ese asunto mentiu o sr. Anido, a segregación empezou en 2002, e hai informes técnicos ao respecto.-

O sr. Anido, en relación coa instalación dun banco público en Punta San Mamede (Carnoedo), roga que non se admita a dimisión do concelleiro sr. Tenreiro e que se tramite rápido a petición de inspección da Policía Local ou servizo que corresponda, que van presentar. O sr. Alcalde di que calquera dimisión é admitida, trátase dun dereito dos concelleiros.-

Sen outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e cincuenta e dous minutos do día ao comezo indicado o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-